

Unha obra de Amparo Alvajar

O instituto de Arte Moderno, agrupación teatral que leva realizada unha notábel obra desde hai algúns anos nesta capital, estreou durante o mes de xuño *Amada e ti* de Amparo Alvajar e A. Caballero, autores doutra comedia dramática estreada con éxito hai anos, *El balcón de los Lester*, *Amada y tu*, comedia en tres actos, desenvólvese nun clima nebuloso e poético, nunha vella casona, onde tres homes novos namóranse do fantasma dunha adolescente.

O público premiou a obra e a actuación dos actores coas súas palmas. Máis, se non é este o lugar para facer a reseña da estrea, si o é para lembrar a un dos seus autores, a escritora galega Amparo Alvajar que reside actualmente en París despois de ter estado exiliada en Bos Aires desde o fin da guerra civil española. Amparo Alvajar actuou durante anos no ambiente editorial arxentino e moitos libros importantes de autores ingleses e franceses foron traducidos por ela ou levan prólogos e notas editoriais súas. Filla dun notábel xornalista coruñés, César Alvajar, tamén na actualidade en Francia, a súa actividade, o seu talento e as súas inxerencias intelectuais gañáronlle a estimación dos círculos literarios desta capital. As súas dúas estreas das obras realizadas en colaboración con A. Caballero, constituíron notábeis éxitos, os cronistas de teatro desacaron no caso hai anos de *El balcón de los Lester* e na actualidade de *Amada y tu*, a beleza da linguaxe, o xogo poético que os envolve e a súa riqueza de acción. Ofrecemos aos nosos lectores algunhas fotografías da obracon posta en escea ue dirixiu Marcelo Lavalle.

Luis Seoane

(Traducida do español por Carme Vidal)